# OS NENOS E NENAS DO DESERTO DE SAHEL NECESÍTANOS

:



30 de xaneiro

Día Escolar da non violencia e da Paz

Nixer sería o derradeiro lugar que escollerían os nosos nenos e nenas para vivir: fame, sede, carencia de escolas.. son situacións que teñen que cambiar no país e non son han cambiar soas.

Levamos varios anos traballando con ***Save the Children.*** Este ano tamén. Esta vez imos axudar a que moitos nenos e nenas do Sahel superen a desnutrición e a que as súas familias poidan loitar contra a fame ata que chegue a próxima colleita.




## CARREIRA SOLIDARIA

Correremos de xeito simbólico e mercaremos kilómetros de PAZ. Cada neno ou nena deberá aportar un euro, ou máis e por suposto de forma voluntaria, cartos que preferiblemente sairán dos propios nenos, ben dos seus aforros ben de buscar patrocinadores entre os familiares. Interesa aproveitar a actividade para que aprendan a ser solidarios co resto de quen non ten tantas oportunidades coma nós e o valor do esforzo, co que esperamos xuntar moitos cartos.

Sahel é unha rexión de África que vai dende o Oceano Atlántico ata o " corno de África". O seu nome en árabe significa fronteira, xa que está entre o deserto do Sahara e a sabana de África Central, unha zona ampla formada por Burkina, Faso, Malí, Mauritania, Níxer, Nixeria, Senegal, Sudán e os países que forman o "corno".




AXUDAR OS DEMAIS NOS FAI MAIS GRANDES E MAIS FELICES

GRAZAS POR AXUDAR!